Recitado dun poema

Criterio	Excelente (2 ptos.)	Bo (1,5 ptos.)	Aceptable (1 pto.)	Baixo (0,5 ptos)
Memorización	Recorda a poesía.	Lembra a poesía, pero comete dous erros.	Lembra parte da poesía, pero esquece versos.	Lembra algúns versos so poema.
Pronuncia e ton de voz.	Non comete erros de pronunciación e fala con claridade. Ton adecuado á situación: forte e claro.	Enténdese o poema con claridade, pero pronuncia unha ou dúas palabras con dificultade. Ton adecuado á situación: forte e claro.	Enténdese o poema con claridade, pero presenta erros na pronuncia de tres palabras. Ton bastante alto ou baixo.	Pronuncia 5 ou máis palabras de maneira inadecuada. Ton excesivamente alto ou baixo.
Entoación e expresión oral.	Dalle unha correcta entoación ao recitado. Realiza as paradas precisas e pronuncia con énfase as palabras necesarias para darlle musicalidade. Exprésase de maneira fluída, e segura, sen vacilacións nin tatexos.	Dalle unha correcta entoación ao recitado. Realiza a maioría das paradas precisas e a pronuncia con énfase das palabras necesarias para darlle musicalidade. Exprésase de maneira fluída, aínda que pode haber algunhas interrupcións ou inseguridades na expresión oral.	Declamación deficiente. Exprésase de maneira limitada e con dificultade. Hai interrupcións frecuentes e falta de fluidez e musicalidade. Non realiza as pausas adecuadas ou non enfatiza as palabras precisas.	Deficiente entoación e declamación. Ten dificultades para recitar de maneira fluída, o que dificulta a comprensión da súa mensaxe.
Uso de recursos non verbais.	Utilíza recursos non verbais de forma efectiva: mirada, xestos, postura corporal, movementos.	Utilíza a maioría dos recursos non verbais de maneira adecuada: mirada, xestos, postura corporal, movementos.	Utilíza algúns recursos non verbais de maneira adecuada: mirada, xestos, postura corporal, movementos.	Non utiliza correctamente os recursos non verbais: mirada, xestos, postura corporal, movementos.
Participación activa. Capacidade de escoita	Realiza unha escoita activa durante as intervencións dos demais seguindo as normas sociais: respecta as intervencións dos demais.	Realiza unha escoita activa durante as intervencións dos demais seguindo as normas sociais case sempre.	Respecta a quenda de palabra e as declamacións dos demais, aínda que algunha vez non o fai.	Non respecta a quenda de palabra ou as declamacións dos compañeiros.